



## DECRETO

Alcanzar a máxima transparencia na xestión municipal é un dos obxetivos políticos básicos deste Goberno Municipal que, desde a súa constitución está a traballar nun Plan de Transparencia que vaia máis aló do mero cumprimento das esixencias da legalidade vixente. Esa legalidade está contida especialmente na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bó goberno e na Lei Galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bó goberno. Pero o deber de transparencia das administracións públicas non se esgota aquí. Existen numerosas normas sectoriais que conteñen obrigas concretas de publicidade activa e de dar información á cidadanía sobre a xestión pública. A contratación pública, as axudas e subvencións, os orzamentos, a función pública e altos cargos conteñen normas especiais en materia de información cidadá. Especificamente, a lexislación de réxime local contivo tradicionalmente un estatuto da veciñanza no que, con maior ou menor extensión en función das vicisitudes históricas, regulabase o acceso dos veciños e veciñas á información xenerada polos concellos.

Dentro dos pasos que é preciso dar para chegar á realización desos obxetivos, precisase dictar as normas para que as unidades administrativas do Concello e das entidades dependentes ou obrigadas coñezan as tarefas que lles corresponden e como desenvólvelas. Por elo,

Vista a proposta da Xefatura de Servizo da Alcaldía á que presta conformidade a Directora da Asesoría Xurídica.

Correspondendo a esta Alcaldía a aprobación da Instrucción en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4 g) da Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### RESOLVÍN:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Instrucción anexa, que regula a Transparencia no Concello da Coruña.

**SEGUNDO.** Publicar na web institucional do Concello e notificar aos Grupos Municipais, Concellerías Delegadas, Directores, Xefes de Servicio ou postos análogos, e ás entidades dependentes do Concello e citadas na norma que resultan afectadas pola mesma.

Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, a 9 de marzo de 2016

O Alcalde,

  
Ado. Xulio Xosé Frenche Baamonde.





## ASESORÍA XURÍDICA

Ref. 24/2016

**Asunto:** Proxecto de instrución de transparencia

Recíbese nesta asesoría solicitude da Alcaldía de informe xurídico sobre o proxecto de instrución de transparencia no Concello da Coruña.

Examinado o proxecto, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a súa sinatura polo Alcalde – Presidente do Concello da Coruña, en virtude das seguintes consideracións:

1º) A instrución apróbase coa finalidade de facilitar a adaptación das disposicións legais vixentes na materia, nomeadamente o disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, ás peculiaridades organizativas e de funcionamento do Concello e as restantes entidades ás que resulta de aplicación. Baixo esa perspectiva, as súas disposicións concordan cos mandatos legalmente establecidos, sen invadir a esfera propia da potestade regulamentaria, e facendo as adaptacións necesarias para o correcto funcionamento da norma estatal no ámbito local.

2º) A instrución desenvolve, con respecto escrupuloso dos mandatos legais, cuestións procedimentais e organizativas con efectos *ad intra*, como é propio dunha disposición desta natureza.

3º) Créase o Gabinete de Transparencia e Bo Goberno, cuxos membros serán nomeados polo Alcalde, Controlar, coa función principal de avaliar e facer o seguimento permanente do cumprimento das esixencias de publicidade activa, a cuxo efecto elaborará un informe anual sobre o grao de cumprimento da Lei 19/2013 e desta instrución no que se engadirán as accións que se considere necesario impulsar para mellorar o grao de transparencia do Concello da Coruña.

4º) O Alcalde é competente para ditar esta instrución con base nas atribucións que lle confire o artigo 124.4 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Coruña, 7 de febreiro de 2016

Asdo.: Marta García Pérez  
Directora da Asesoría Xurídica





**ASUNTO. APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN SOBRE A TRANSPARENCIA NO CONCELLO DA CORUÑA.**

**Informe-Proposta.**

A transparencia na xestión das administracións públicas está regulada pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bó goberno, e pola Lei Galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bó goberno. O proxecto do plan Municipal de Transparencia prevé a redacción dunha Instrucción para adaptar as previsións xerais das lexis citadas ás peculiaridades e características propias da organización do concello.

Para conseguir ese obxectivo, redactouse unha Instrucción que establece as normas internas de actuación e sinala as responsabilidades na aplicación da normativa de transparencia. Como corresponde a súa natureza, non pretende regular as relacións con terceiras persoas nin desenvolver o contido da normativa legal citada, que debe aplicarse directamente en todo aquilo que se refire a elas.

A Instrucción regula o ámbito de aplicación, e contempla a peculiaridade daquelas entidades que non pertencendo á administración municipal, vense obrigadas a someterse ás obrigas de transparencia en virtude das súas relacións co Concello. Tamén se establecen as tarefas que corresponden ás distintas unidades da administración municipal, tanto en materia de publicidade activa como para facilitar o exercicio do dereito á información. Por último regúlase a organización municipal da transparencia e establécese unha orde de prioridades e obxetivos integrados no plan para conseguir a máxima realización dos principios que rexen a materia.

A Alcaldía é competente para dictar esta Instrucción en base ás atribucións que lle confire o artigo 124.4 g) da Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Directora da Asesoría Xurídica mostra a súa conformidade.

En consecuencia, podería ditarse a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**Primeiro.** Aprobar a Instrucción anexa, que regula a Transparencia no Concello da Coruña.

**Segundo.** Publicar na web institucional do Concello e notificar aos Grupos Municipais, Concellerías Delegadas, Directores, Xefes de Servizo ou postos análogos, e ás entidades dependentes do Concello e citadas na norma que resultan afectadas pola mesma.

A Coruña, 10 de marzo de 2016.

**O Xefe de Servizo da Alcaldía,**

  
Fdo. José Manuel Peña Penabad

CONFORME,

**O Director de Apoio á Alcaldía,**

  
Asdo. Juan Carlos Martínez Muñiz